



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BRIÓN

Padrón fiscal conxunto das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon da auga, correspondente ao segundo trimestre de 2026

Elaborado pola empresa concesionaria dos servizos o padrón fiscal conxunto das taxas por servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 2º TRIMESTRE de 2026, o mesmo estará a disposición do público polo prazo de quince días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP, nas oficinas da Casa do Concello de 9 a 14 horas e na oficina de Espina & Delfín S.L. sita en Urb. Agronovo, 126 baixo, Brión, en horario de luns a venres de 08:30 a 14:00 horas, para que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra estes actos poderá formularse ante o Sr. Alcalde o recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo previsto no art.14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, nos termos previstos en dito precepto.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio produce efectos de notificación expresa ao abeiro do disposto no art. 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

O pagamento poderá efectuarse nas oficinas da empresa Espina & Delfín, abertas ao público de luns a venres de 08:30 a 14:00 horas, en período voluntario dende o 20 de agosto ao 20 de outubro de 2026.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, as débedas pendentes esixíranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. A falta de pagamento no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte, pola vía de constrinximento, pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia; a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

Brión, 21 de xullo de 2026

O alcalde

Pablo Lago Sanmartín

2026/4905